

Área: Comité Arbitral

DEPORTE BASE

Circular nº 13 - Temp. 24/25

DURACIÓN DOS ENCONTROS

CATEGORÍA	1º TEMPO	DESC.	2º TEMPO	DESC.	3º TEMPO	DESC.	4º TEMPO
INFANTIL	25'	10'	25'				
ALEVÍN 7	10'	2'	10'	4'	10'	2'	10'
ALEVÍN 5	8'	1'	8'	2'	8'	1'	8'
BENXAMÍN	8'	1'	8'	2'	8'	1'	8'

BALÓN DE XOGO

CATEGORÍA	TALLA
BENXAMÍN E PREBENXAMÍN	0,0
ALEVÍN	0
INFANTIL	1
CADETE MASCULINA	2
CADETE FEMININA	1

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

- Nas categorías cadetes e infantís non se aplica a norma de xogar con sete xogadores de pista, de facerse sería cambio antirreglamentario.
- O número mínimo de xogadores/as presentes para que poida comezar un encontro e que teña validez é de cinco, tanto en BM7 como en BM5.
- O número máximo para inscribir nun acta é de 16 xogadores/as e 4 persoas do staff técnico en Cadete, Infantil e Alevín7.
- En BM5 o número máximo de xogadores inscritos no acta será de 16 e no staff técnico 4 persoas.
- En Alevín7 a relación de xogadores/as que participen en cada período pode presentarse totalmente cuberta, no impreso creado a tal fin, ao principio do

partido, ou ben, se o responsable do equipo así o considera oportuno, ao comezo de cada período cos xogadores que van participar no mesmo.

- En alevín7 todos os/as inscritos/as en acta deberán xogar, como mínimo, un período de partido. Os árbitros serán os responsable de facer cumprir esta normativa.

Calquera xogador ou xogadora pode, participar no xogo durante todos os períodos, actuar de porteiro/a, unicamente debe cambiar a súa indumentaria, o número de períodos que se queira.



TROCOS DE XOGADORES/AS

- Nas categorías Infantil e Cadete, poderán realizarse cando o equipo está en posesión do balón e sempre que ás persoas que substitúan teñan saído do terreo de xogo pola súa zoa correspondente, ou no caso de xogador/a mancado/a.
- Cando un equipo sancionado cun lanzamento de 7 metros en contra, desexa cambiar ao porteiro/a, este cambio debe ser autorizado. Do mesmo xeito que un xogador pode lanzar todos os 7 metros dun equipo, un só porteiro pode intentar deter todos estes lanzamentos.
- En alevín 7 e minibalonmán os trocos soamente se poderán facer ao comenzó de cada período, excepto en caso de lesión e previa parada do tempo de xogo (time-out), por parte dos árbitros/as e coa autorización dos mesmos.



TEMPO MORTO DE EQUIPO

- Na categoría Alevín7 un tempo morto por equipo, tan só no último período.



DEFENSAS NON PERMITIDAS

- Na categoría Infantil, as defensas mixtas.

Primeira vez: Interrupción do tempo de xogo e aviso ao adestrador ou responsable do equipo defensor de que está realizando unha defensa non permitida. O xogo renovarase coa execución dun golpe franco, a favor do equipo non infractor, dende o lugar onde se atopaba o balón no momento da interrupción do xogo e do tempo de xogo.

Sucesivas veces: Lanzamento de sete metros a favor do equipo que sofre a defensa non permitida. Independentemente do resultado do lanzamento de 7 metros, gol ou non gol, o xogo renovarase con saque de banda dende a intersección da liña de banda e a liña central, no lado onde se atopa colocada a mesa do anotador-cronometrador ou a zona de cambios, a favor do equipo que executa o lanzamento de 7 metros é dicir, o equipo non infractor disporá dun lanzamento de 7 metros e nova posesión de balón.

- Na categoría de Alevín7, as defensas mixtas e as pechadas 5:1 e 6:0
- O incumprimento destas normas será apercibido inicialmente, e posteriormente sancionado con lanzamento de 7M que executará o equipo atacante.

 **7M**

- En Alevín7 lanzará o/a xogador/a que foi obxecto da falta.

 **COMPORTAMENTO ANTIDEPORATIVO**

- Nas categorías Infantil e Alevín7 non se permitirá a xogadores/as e oficiais insultar, protestar ou realizar xestos de desprezo a compañeiros, contrarios, público e árbitros.
- A sanción que se imporá, independentemente da disciplinaria que corresponda, será:

Lanzamento de sete metros en contra e golpe franco a favor do equipo contrario, que se efectuará dende o centro do terreo de xogo.

NOTA: Toda sanción disciplinaria decretada aos oficiais debe ser sancionada como se indica anteriormente.

Esta norma sobre o comportamento co contraio soamente é de aplicación nas competicións de ámbito galego.

En Vigo a 17 de Outubro de 2024

